

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Cambio de Tribunal Fixación de datas de celebración dos procesos selectivos para a creación dunha bolsa de emprego no Concello de Muíños.  
**ADMINISTRATIVO/A DE APOIO ÓS SERVIZOS ECONÓMICOS DO CONCELLO E LABORES DE PROGRAMACIÓN, ASESORAMENTO E MANTEMENTO ESENCIAL INFORMÁTICO.**

De conformidade co expediente de provisión de persoal laboral temporal, das que as bases de selección foron aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2020 e publicado anuncio no B.O.P. nº 16, na páxina Web, no Taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], en data 21 de xaneiro de 2020.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para o referido proceso selectivo con data 28 de xaneiro de 2020,

Publicadas as listas definitivas de admitidos e excluídos en data 12 de marzo de 2020, e de acordo co disposto nas citadas bases,

Vista a Declaración de servizos municipais obxecto de contratación de persoal de carácter urxente e inaplazable aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/01/2020, na que estaba incluída a categoría de Administrativo/a de apoio ós servizos económicos do concello e labores de programación, asesoramento e mantemento esencial informático.

Dadas as circunstancias actuais que veñen de provocar un considerable retraso da práctica dos referidos procesos selectivos e a urxencia en celebrar os mesmos dada a altura do exercicio en que nos atopamos, pola presente ,

---

**Concello de Muíños**

Plza. San Rosendo, 1, Mugueimes. 32880 (Ourense). Tfno. 988 456 403. Fax: 988456480



## RESOLVO

**Primeiro.-** Debido a imposibilidade de acudir ó proceso selectivo o Presidente do Tribunal cualificador Titular :D. Manuel Valentín Pérez Nieto, adxunto ao Xefe do Servizo de RR.HH., Formación e Réxime Interior da Excma. Deputación Provincial de Ourense e o Presidente suplente D.Francisco Javier Llorente Serrano, Secretario-Interventor asesor do gabinete da asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial de Ourense, por motivos persoais, o Tribunal cualificador quedará constituído do seguinte xeito:

### **Tribunal titular:**

Presidente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isabel Colmenero Veloso, Secretaria-Interventora do Concello de San Ciprian de Viñas

Secretario/a: D. Santiago Mansilla Vázquez; Secretario-Interventor do Concello de Muiños.

Vogais: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Dominguez Pérez, Traballadora Social do Concello de Muiños.

D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup> Antúnez Pérez, Tecnica en Asistencia Xurídica, Administrativa e de Urbanismo do Concello de Muiños.

D<sup>a</sup> Marina Sara González Soto, Asesora Xurídica de Asuntos de Urbanismo e demais Servizos Municipais do Concello de Pereiro de Aguiar

### **Tribunal suplente:**

Presidente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen García Pérez, Secretaria-Interventora do Concello de Sarreaus.

Secretario/a: D<sup>a</sup>. Maria Elena Dominguez Gomez, Administrativa do Concello de Muiños.

Vogais: D<sup>a</sup>. Maria Jesús de León Rodriguez, Traballadora Social do Concello de Bande.

D<sup>a</sup> Maria Devesa Varela, Traballadora Social do Concello de Pereiro de Aguiar.

D<sup>a</sup>. Rosa Pena Seoane, Administrativa do Concello de Muiños.



**Segundo** .- Sinalar o próximo día **4 de xuño de 2020 ás 9:00 horas para a constitución do Tribunal** de ditas prazas, no salón de Plenos da Casa do Concello de Muíños.

Sinalar o próximo día **4 de xuño de 2020 ás 10:00 horas** para a realización do **1º exercicio**.

**Terceiro**.- Os aspirantes deberán comparecer provistos de D.N.I.

**Cuarto**.- Ditas probas axustaranse ás resolucións previas adoptadas ao respecto para o seu desenvolvemento.

**Quinto**.-Publicar a presente Resolución de cambio no Tribunal de selección e fixación das datas de celebración do proceso selectivo, no tabloleiro de anuncios, na páxina web do Concello ([www.concellomuinos.com](http://www.concellomuinos.com)) e na sede electrónica do concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

En Muíños na data da sinatura electrónica.

O Alcalde.- Plácido Alvarez Dobaño;

O Secretario-Interventor: santiago Mansilla Vázquez.

